

c) OUTROS ANUNCIOS**AUTORIDADE PORTUARIA
DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

Resolución do 17 de novembro de 2009 pola que se procede a realizar convocatoria pública para cubrir unha praza de persoal laboral do equipo desta autoridade portuaria.

Prazas: 1 (unha) xefe/a de división.

Tipo de contrato: temporal de interinidade.

-Titulación mínima requirida: enxeñaría de camiños, canles e portos.

-As bases desta convocatoria estarán á disposición dos interesados na Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, peirao de pasaxeiros 1, de Vilagarcía de Arousa, e tamén dispoñible na páxina web: www.portovilagarcia.es.

-As solicitudes deberán presentarse no prazo de 20 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, por calquera dos medios recollidos no punto 5 das bases.

-Todas as notificacións que, a partir deste momento, se orixinen como consecuencia deste proceso selectivo faranse públicas polos seguintes medios:

-Taboleiro de anuncios da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

-Páxina web: www.portovilagarcia.es.

Vilagarcía de Arousa, 25 de xaneiro de 2010.

Fernando Javier Puertas Castillo
Presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

**COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN
DE GALICIA**

Anuncio do expediente de contratación 90667C.

1. Entidade adxudicadora: Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

2. Obxecto do contrato: subministración de bens de equipamento: servidores, sistemas de almacenamento e estacións de traballo para a CRTVG.

3. Orzamento base de licitación: importe neto: 87.500 euros. IVE 16%: 14.000 euros. Importe total: 101.500 euros.

4. Prazo de entrega: 60 días contados a partir da sinatura do contrato.

5. Tramitación: ordinaria.

6. Procedemento: aberto.

7. Garantía provisional: non se exige.

8. Garantía definitiva: 5 por 100 do importe de adxudicación (excluído o IVE).

9. Obtención dos pregos de condicións e información: no perfil do contratante da páxina web da CRTVG: www.crtvg.es, no enderezo de correo electrónico: sercom@crtvg.es ou no Servizo de Compras e Servizos Xerais da CRTVG e as súas sociedades (teléfono: 981 54 08 55), sito en San Marcos, Santiago de Compostela.

10. Posibilidade de variantes: admítense variantes.

11. Prazo de presentación de ofertas: quince (15) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará ás 14.00 horas do derradeiro día do prazo. Se o último día do prazo é sábado ou inhábil, o prazo prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

12. Lugar de presentación das ofertas: rexistro do Servizo de Compras e Servizos Xerais da CRTVG e as súas sociedades, Centro Emisor de San Marcos, 15820 Santiago de Compostela (de luns a venres, agás festivos, das 9.00 ás 14.00 horas), ou por correo dentro do prazo de admisión.

13. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario (máximo 500 euros).

14. Apertura de ofertas: realizarase na sede da CRTVG no Centro Emisor de San Marcos, Santiago de Compostela, na data e hora que se publicará no perfil do contratante da páxina web da CRTVG: www.crtvg.es.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2010.

Miguel Rodríguez Barrio
Director da División de Planificación e Administración Xeral da CRTVG e as súas sociedades